

A nai, Mary Wollstonecraft, fundamento da criatura

A quen se lle ocorre pasear pola Putney Bridge de Londres nesa tardiña sombría e outonal? Só unha figura se arrisca baixo a chuva e o frío. Unha muller leva xa tempo percorrendo a ponte, dun lado a outro, non como unha paseante contemplativa, senón como unha obsesa. Obsesión de morte. O desengano amoroso lévaa a acabar coa súa vida. Non quere admirar a paisaxe, observar os edificios que bordean o río, o Támese que esvara alí abaixo, nin a cor cincenta das augas ou as barcas que posiblemente saian á noite a pescar. Está cega a todo o que a rodea. Ten os ollos revirados para un pozo escuro interior onde só se reflicte a fin. O único obxectivo do seu ir e vir polas pedras da ponte é mollarse. A cofia xa está empapada e permite que a auga pingue sobre o seu rostro simulando lágrimas. As enormes saias do seu vestido tardarán máis en perder o apresto. Trata de impedir que as enaguas formen un globo e lle permitan flotar no río cando salte desde a ponte. Leva tempo mollándose pero a súa determinación é firme: esvaecerse no río. As roupas empapadas pesarán e serán un lastre natural e perfecto para que as negras augas a engulen axiña. Busca os

brazos da morte, quere afogar nese río tan querido, pero, racional ata nos momentos de maior obcecación romántica, quere aforrarse sufrimentos. O dilema entre xuízo e sentimentos que a preocupara toda a vida está presente na hora do seu suicidio.

Chámase Mary Wollstonecraft. Nacera no ano 1759 e a súa vida coincide, cronolóxica e ideoloxicamente, coa Revolución Industrial británica e a Revolución Francesa. Inglaterra foi o berce da evolución económica que vai xerar un dos procesos de cambio fundamental na historia. Comeza co consumo do carbón e as explotacións mineiras. Seguirá co achado de novas tecnoloxías aplicadas á produción industrial que propiciará o crecemento do mercado, o comercio con América, a importación de novos alimentos americanos, a pataca, o millo, o tomate... A principios do século comeza a fundición de ferro con carbón de coque nos altos fornos. Despois, James Watt inventa a máquina de vapor no ano 1769. Prodúcese a mecanización da extracción mineira. Cómpre facilitar o transporte e ábreñse canais de navegación para comunicar por barco diferentes zonas de Inglaterra. Co cambio económico prodúcese un aumento da poboación. Descende a mortalidade, redúcense as pestes, mellora a agricultura e a alimentación. Dúas industrias son as fundamentais: a téxtil, industria do algodón, na que contan con moita materia prima, sobre todo no centro e norte do país; a do carbón de ferro. As minerais máis importantes no sur de Gales e norte de Inglaterra. Así, a fábrica despraza o taller, a máquina a manufactura. A burguesía e o proletariado son as clases emerxentes. Vaise orixinar un cambio enorme das mentalidades, tanto no aspecto social como no científico. Mary Wollstonecraft vive ese momento histórico no país máis avanzado de Europa e estará atenta a gran revolución que ocasiona, interésanse en todos os adiantos e propiciando ela mesma o cambio de mentalidade.

A Revolución Francesa foi a convulsión social e política que no ano 1789 acabou co Antigo Réxime. Contra os estamentos privilexiados da nobreza e a igrexa virán a burguesía, e en ocasións as masas populares, como clases políticas dominantes. Os fundamentos ideolóxicos que propiciaron esta revolución foron o racionalismo e os principios da Ilustración; a razón, a igualdade e a liberdade. Figuras como Voltaire, Rousseau, Montesquieu, Condorcet e outros enciclopedistas sentaron as bases da modernidade. Unha desas figuras foi Mary Wollstonecraft, que redactou un texto de Dereitos Humanos e, pouco despois, *Vindicación dos Dereitos da Muller*. Texto fundacional do feminismo, xunto ao de Olympe de Gouges en Francia. Mary será unha entusiasta da Revolución Francesa que «lle fará experimentar o goce máis intenso».

Previamente fixérase a Revolución americana de 1776 que decidiu algo fundamental: a abolición da escravitude. A igualdade en América tiña cor negra. Aínda que a Ilustración fose o impulso do feminismo, e así o demostra a Vindicación de Mary Wollstonecraft, o abolicionismo foi tamén un exemplo para as feministas das épocas posteriores.

Medra Mary Wollstonecraft na clase burguesa inglesa pero as dilapidacións do pai provocan a quebra financeira e botan por terra as expectativas de conforto familiares. As restricións económicas van unidas á crueldade do pai e os malos tratos contra a esposa e as fillas. Nin a economía nin a moral predispoñen a adolescente Mary ao matrimonio. Foi dama de compañía e logo fundou unha escola para mozas coas súas irmás e a súa mellor amiga, Fanny Blood. A sociedade quebra cando Fanny Blood casa con Hugh Keys e vai vivir a Lisboa. Maltratada polo marido e embarazada, reclama a presenza de Mary que asistirá á morte da súa amiga e a criatura nun parto prematuro, no ano 1785. Ao regreso a Inglaterra, o negocio da escola minguara e tivo

que pechala. Finalmente, traballou como institutriz das fillas do vizconde Kings Borough, unha familia aristocrática irlandesa, para conseguir un fin importante na súa vida: a independencia económica.

Nesa época escribe unha novela, *Mary, A Fiction*, que sería do gusto de Rousseau. A sensibilidade, di a protagonista: «é o sentimento máis exquisito que nos inunda cando nos sentimos felices e, de manterse, poderíamos entrever a bendición daqueles días paradisíacos cando as paixóns obedientes estaban baixo o dominio da razón e os impulsos do corazón non necesitaban corrección». O conflito entre os sentimentos e a razón xa aparece neste primeiro texto, e axiña descubrirá que a sensibilidade é unha arma de dobre gume para as mulleres.

Como ela, que recapacitara sobre os perigos do sentimento amoroso nas mulleres, pode chegar a ese paroxismo, a esa negación dela mesma por causa do amor? Ela, unha das mentes máis coherentes de Europa, a difusora dun pensamento lúcido e radical, pasea pola ponte Putney como unha romántica doída pola perda do amor, como se a falta de paixón do seu amante americano fose a fin da súa existencia. Leva anos renegando da educación sentimental que recibiu como rapaza e buscando unha posición descarnada que a iguale aos homes. Abomina da razón de segunda man que Rousseau, e outros dos seus colegas, lle adxudican ás mulleres para que sigan interesadas nos asuntos privados e non accedan aos intereses universais e colectivos. Ela dedícase a reivindicar con brío a súa individualidade e cidadanía. E agora, o desengano amoroso provócalle unha onda salvaxe, un desexo de morte primitivo que vai acabar coa súa vida esta mesma noite, afogada nas tebras do río. U-la razón ilustrada?

Abandonara a escola onde impartía clases e, con vinte e oito anos, regresa a Londres, onde aceptan a publicación da súa novela. Vai traballar como tradutora na editorial de J. Johnson

que era un punto de encontro de intelectuais radicais e disidentes onde a «sensible» Mary aprende a disciplinar a súa mente e inicia un camiño luminoso: a ruta da razón ilustrada. Coñece a destacados escritores e filósofos do momento, ingleses, franceses, americanos... Colabora na revista máis representativa da cultura radical do período que difunde as novas ideas e fai a recensión de centos de libros de diversas materias e estilos que a converten nunha escritora culta e ilustrada, unha intelectual versátil, segura dela mesma e cunha capacidade superior a calquera muller da súa época. O entusiasmo producido pola Revolución Francesa lévaa ao debate político da época, a un espazo público e, daquela, masculino, onde a presenza dunha muller era insólita. Escribe *Vindicación dos dereitos do home*, que suscitou grandes polémicas. Pero axiña vai decatarse de que os «dereitos» non alcanzaban as mulleres. Seguindo esta liña, e contrariando o seu admirado Rousseau, escribirá *Vindicación dos dereitos da muller*, o texto fundacional do feminismo moderno que cuestiona a distinción entre público e privado e sitúa o problema da muller no centro do debate político do momento. Entrega en xaneiro de 1792 o manuscrito para a súa publicación. Nel afirma que a razón mana naturalmente do coñecemento e que non hai distinción entre as capacidades e funcións das mulleres e os homes. O seu humanismo cívico nega que a razón e a virtude sexan diferentes segundo a categoría das persoas e que as grandes verdades son autenticamente universais. Recoñece que a «sensibilidade feminina» é unha trampa e os sentimentos «dourados grilos». A conciencia feminista faille descubrir o naturalismo que Rousseau pode compaxinar coa razón cando se trata das mulleres. Di o famoso ilustrado: «Educade as mulleres como homes e canto máis se parezan ao noso sexo, menos poder terán sobre nós». Mary Wollstonecraft respóndelle: «Non desexo que teñan poder sobre os homes, senón sobre elas mesmas». Quere que

abandonen a servidume, a incapacidade para considerarse e, así, deixar de ser obxectos do desexo masculino.

Como é posible que encontremos a esta feminista ilustrada, guiada pola razón, empapándose baixo a chuvia para lanzarse ao Támese e acabar coa súa vida? Como esta muller que reconece o perigo dos «sentimentos femininos» de subordinación sexual pode caer nesa celada? O seu medo de vivir é superior ao de morrer? De feito adquire o que nesa altura se chamaba «enfermidade inglesa» xa que o número de suicidios era superior en Inglaterra ca no resto de Europa. E, non obstante, o seu carácter non é melancólico nin apático. Esta Werther feminina compaxina o delirio frenético, a pulsión de morte, cos razoamentos máis metódicos que a levarán ao atroz precipicio. O seu é un «remedio fatal», que diría Hume, un suicidio filosófico. Será o abandono do seu amante a única causa que a arrastra á morte?

Mary Wollstonecraft, como tantos que querían vivir achegados á Revolución, visita Francia e trata as grandes figuras da época, algunhas femininas, e vai detestar a Robespierre, que ordenará decapitar a moitas delas, como Olympe de Gouges ou Madame Rolland. Tamén a Condorcet. Pois ben, nos círculos radicais que frecuentaba coñeceu o americano Gilbert Imlay, antigo oficial do exército que loitara contra os ingleses pola independencia das colonias americanas. Xunto aos cambios revolucionarios europeos ten gran relevancia a abolición da escravitude que se produce en Estados Unidos. Pasados os momentos da guerra, Imlay, naquela altura, dedicábase aos negocios. París era a vangarda e, neste ambiente máis relaxado, desde o punto de vista das condutas sexuais, Mary, que xa rolda xa os 34 anos, inexperta e inxenua, ten a súa primeira relación amorosa co americano do que vai ter unha filla. Vive unha relación adúltera, xa que o americano estaba casado. En 1795 viaxa coa súa nena aos países nórdicos, en calidade de

enviada comercial do seu amante, e escribe un fermoso libro, *Cartas escritas durante a breve residencia en Suecia, Noruega e Dinamarca*, onde pretende encontrar a harmonía entre a súa educación sentimental e intelectual. Renega do sentimentalismo entendido como abnegación e sufrimento e trata de reconciliar o xuízo e o sentimento. «Durante anos loitei para calmar unha marca impetuosa e traballei para obrigar os meus sentimentos a tomar un curso ordenado», escribirá. Porén, o abandono e a ofensa do seu amante van disparar a súa paixón ata o extremo de perder o xuízo.

Así chega a esta situación na ponte londiniense. Considera que xa está abondo enchoupada para fundirse no río. Cal sería o seu último pensamento antes de tirarse desde a ponte? A cariña da súa filla, a nena que abandona, conseguiría enxergarse entre o fumaxada negra da súa mente? Será o sorriso burlón e draculino, do amante desleixado? Ou só consegue albiscarse a ela mesma, a súa infinita soidade, nun horizonte gris e deserto?

Alá vai! Que loucura confiarse no río! Lánzase a el como ao abismo. Pero, aí! A pesar da molladura, as súas enaguas arquéanse como un paraugas aberto impedindo o seu mergullamento inmediato. Uns pescadores que chegan co seu bote avistan o seu corpo flotando. A suicida frustrada é sacada do río. Non tiña alí a súa, dirán logo os salvadores. Pobre señora! Están lonxe os mariñeiros de comprender o *spleen* poético, a melancolía burguesa, o heroísmo romántico. Para eles, detrás do suicidio está a miseria, a fame ou a corrupción. Ese non é momento para especular e, simplemente, senten mágoa pola muller que lle acaban de arrebatarse ao río.

Como son as cousas... Pasados aqueles momentos febrís, Mary Wollstonecraft vai vivir dous anos de felicidade, o tempo máis coherente e produtivo da súa vida. Entra en relación con William Godwin, que xa coñecera cando traballaba na editorial,

un estudoso, un filósofo inconformista, partidario da Revolución, que emprega a razón e a lóxica en favor da liberdade humana e do progreso social. O seu libro *Unha investigación sobre a xustiza política e a súa influencia na virtude e na felicidade xeral* é moi lido e valorado. Unidos máis polos criterios e pola mesma causa que pola paixón, forman unha parella ilustrada e altruísta que levan as ideas á súa vida, á propia relación sustentada na seguridade afectiva e na maneira libre de entendela. Viven e escriben en casas diferentes, a curta distancia, para levar a cabo os seus criterios de independencia. Mary vive coa súa nena, Jenny. Enviábanse notas permanentemente. Nunca antes se sentira segura. Agora cumpría o soño de ter ao mesmo tempo un compañeiro e un amante. Pero, xa se sabe, a seguridade é case unha superstición. Mary queda embarazada novamente, a pesar de que se nega a identificarse exclusivamente no papel de esposa e nai. Non se sabe como aquelas dúas persoas entraron na gran contradición de contraer matrimonio. Ambos os dous abominaran publicamente desa institución. Mesmo así casaron en marzo de 1797 na igrexa de St. Pancras. Pouco ía durar a felicidade.

Cinco meses despois, cando Mary ve chegado o momento de ingresar para dar a luz, escíbelle unha última misiva a William. «Sen dúbida hoxe verei o animalíño... Pídoche que me envíes o xornal». Aínda que saber, sabía o perigo que corría. Morrer de parto era demasiado habitual para ignoralo. A morte axexaba as parturientes, viña coa gadaña a esgazar o corpo con dores insufribles. Cada día, desde que notara o seu embarazo, non podía afastar da súa mente un mal presaxio. Nove meses sentindo medrar dentro dela ese «animalíño» descoñecido que buscaba sitio desprazando os seus órganos, que lle producía náuseas, dores... porque era evidente que o corpo rexeitaba esa cousa estraña que se instalaba nel e comíalle espazo e alimento.

Mary, muller ilustrada que tiña a razón como eixo do pensamento, cismaba sobre este fenómeno da transmisión da vida, na que as humanas, tiña que recoñecelo, eran tan similares aos animais. O orgullo humanista da superación da animalidade, do valor da razón como característica humana que nos iguala e do afán de xustiza que nos eleva sobre os baixos instintos animais, rompíase cando chegaba a esta realidade: as mulleres seguían parindo como animais. U-la súa defensa da razón cando non podía evitar que algo medrara no seu corpo, quixera ou non? Como é intelixente, e mesmo astuta, sabe que mellor é aceptar ese ser que se instala, en lugar de rexeitalo. Cando algo é inexorable, cando non se pode evitar, mellor é aceptalo, quere-lo, en lugar dunha rebelión imposible. As mulleres embarazadas aprenden a pensar nunha criatura xa formada, que van criar, agarimar no colo, protexer, ensinar... Prefiren pensar na persoa xa nacida que no feto informe. Que muller se imaxina ese ovo, ese embrión carnoso que atravesará etapas, que pasará por distintas formas? Ninguén. Sería espantoso. Pero o certo é que ese embrión medra indefectiblemente, e sen vontade materna. Aquí chega ao punto clave, ao fundamento do seu rexeitamento da maternidade animal. Máis que as incomodidades e as dores, o que non tolera é a ignorancia do proceso que se produce no propio corpo, a nula participación no mesmo. Mentres os ilustrados, ela mesma, aspiran ao coñecemento, colleron a fachenda da racionalidade, ela, como todas as mulleres, ignora que está alimentando, que é, como é, que sexo ten, ou incluso, horror lle dá pensalo!, podería medrar dentro dela un ser monstruoso, deficiente... Recoñéceo: non ten poder sobre a súa creación. Esa palabra pode usala para os seus libros pero non para as súas crías. U-los dereitos humanos, u-los dereitos da muller que ela defende, que ela escribe? Chegadas ao tema da procreación non hai escapatoria. Unicamente aquelas que se refuxian nos

conventos de clausura libran de empreñar. O peor para Mary Wollstonecraft é que estes pensamentos non pode compartilos con William Godwin. É algo demasiado humillante. El respecta a súa persoa, as súas ideas, valora o seu traballo, os seus libros, está orgulloso dela. Non pode compartir con el a súa miseria. É posible que el tamén recapacitara nese tema, pero prefire non sabelo.

Nesa nota pídelle que lle facilite os xornais. Demóstrase a necesidade de Mary W. de estar informada, mesmo no momento de ter unha criatura. O seu interese público, o afán de coñecer o que pasa no mundo non diminúe nin sequera cando o momento privado debería dominar a súa atención. Non está disposta a que a maternidade a afaste de súa condición de cidadá atenta e comprometida. Outro aspecto que chama a atención da súa nota é a palabra animalíño aplicada á ser que leva dentro. Indica a súa concepción desmitificadora da maternidade. Neste tema, como en tantos outros, parece unha precursora das ideas de Simone de Beauvoir implicada en cuestionar o mito da maternidade e a ideoloxía conservadora que se difunde para crear nas mulleres unha ilusión de identidade a partir dela, unha ansia de transcendencia que enalteza o seu destino. Mary W. non elude o aspecto animal da maternidade, a ausencia de vontade e decisión humana no acto de perpetuar a especie. No seu caso, o feto, ese animalíño ao que espera con ilusión, vai provocar a súa morte. Naquela época, e moitos anos despois, e hoxe mesmo no Terceiro Mundo, a falta de hixiene e a inexistencia de antibióticos, provoca a morte de moitas mulleres por septicemia a consecuencia do parto. Dá a luz á súa filla Mary e morre aos dez días, despois de librar unha batalla a favor da vida.

Que destino máis confuso! Cando buscou a morte desesperadamente non conseguiu morrer, e agora que desexa a vida ao lado do home que ama e das súas fillas, morre desa maneira tan

mediocre e tan vulgar. Porque o suicidio pode ter un aquel heroico, mentres que morrer de parto é unha consecuencia animal, unha humillante consecuencia da especie. Foi ela consciente desa traizón? Ela que se esforzaba por superar a animalidade, incorporarse ao humano para transformar o mundo, non puido evitar quedar atrapada nas leis da natureza. Que enorme inxustiza! Así o interpretaba William Godwin que asistía ao combate de Mary W. contra a morte sen poder evitar o cruel desenlace. A nena Fanny, apenas de tres anos, con ollos de asombro, ten a manciña nunha man da nai. A súa calor non chega para quentar a man da nai cando se arrefría. O bebé esvara doutro brazo da nai e o seu choro durará días. Godwin queda só coas dúas fillas.